

# A ALMA DA CERNA EN 50 NÚMEROS



Din que a cara é o espello da alma. Acredítemos ou non nese dito, o que semella evidente é que a capa da revista é a imaxe coa que nos apresentamos no mercado, no enxoiro mercado da comunicación ecoloxista. E esa imaxe, en certa medida, é un reflexo do contido, mais tamén das nosas preferencias, dos nosos preconceitos, dun xeito particular de entender a loita ecoloxista.

Van 50 números dando a cara, ese espello da alma contestataria, inconformista dos que queren mudar as relacións home-natureza na nación dos galegos e galegas. E tamén a alma racionalista que aporta solucións, que se molla nos debates, e marca as liñas da coherencia coa sustentabilidade nos proxectos, nos emprendementos aos que o desenvolvemento nos aboca.

Analizando esas capas, enfrentámonos aos sinais de identidade da asociación ecoloxista que respalda o proxecto da Cerna. A acción decidida de ADEGA fiscalizando as actuacións das administracións, do sector industrial..., denunciando as múltiples desfeitas que firen o país, enche os contidos da revista e, non podía ser de outro xeito, iso fica reflectido nas portadas de Cerna. Non é estraño, pois, que o 38% das imaxes das capas se adicara a denunciar impactos: a contaminación atmosférica, a das augas, os

incendios, a eucaliptización, as radiacións electromagnéticas, o impacto do lixo, do urbanismo caótico, as marés negras (duas no percurso destes 50 números).

Mais o ecoloxismo non só vive de denuncias, precisa de paisaxes virxes para se restablecer do cansanzo, imaxes coas que

## Manteñamos pois o proxecto, 50 números máis para seguir mostrando as feridas do país, as paisaxes aínda non magoadas e tamén as imaxes das mudanzas para ben

enxergar os sonhos, e para iso están un 30 % das portadas. De fiarmos desas imaxes, a paisaxe dos sonhos de Cerna é acuática: fluvial e mariña (en 6 números os ríos protagonizan a capa e o litoral faino en 5), e tamén algo boscosa (a floresta caducifolia acompáñanos en 3 números). E na ecotopía galaica os camiños de ferro atravesarán esa paisaxe soñada (en dúas revistas o tren protagoniza a imaxe).


A Cerna ten tamén vocación naturalista, e unha especie concreta ilustra o 21% das capas. Iso si, a preferencia é claramente ani-

mal, mais non cae a revista no erro de acouitar a biodiversidade só aos mais conspicuos, senon que por aquí desfilaron á par do lobo, paxaros, peixes e mesmo insectos.

E o animal humano?. Os impactos ambientais afectan aos humanos, de xeito indirecto na maioría dos casos. Ou de xeito directo: Xoaquín Serantes ficou soterrado pola enxurrada de lixo que acapara a portada do número 19, os incendios levan acumuladas decenas de vítimas... e sen embargo a presenza humana é estraña nas capas de Cerna (só nun 6%). Non aparece, ou faino en segundo plano, sendo de destaque cando se manifesta (manifestacións contra a incineración, ou a cadea humana contra a maré negra). E só nun número, unha persoa particular é a protagonista: o Conselleiro de Medio Ambiente que alza a mao no número 45, quer en sinal de paz, quer nun aceno para parar as múltiples amiazas ao medio que, ás súas costas, decoran a imaxe.

Botamos de menos, neste espello da alma ecoloxista, as accións positivas dos humanos, e botamos de menos aos humanos que tentan mudar a paisaxe da derrota: educadores ambientais, técnicos en enerxías renovábeis, agricultores ecolóxicos, repoboadores de bosques, restauradores ambientais, vixiantes dos ríos...E botamos de menos unha imaxe mais amábel da cidade, o medio no que curiosamente vivimos ou traballamos a maioría dos colaboradores da revista e do que só mostramos o seu impacto.

Van 50 números dando a cara, 16 anos que son a metade da historia de ADEGA. Son moitos números nesta angueira ecoloxista, neste ámbito no que levan aparecido e desaparecido revistas como cogumelos no outono. Manteñamos pois o proxecto, 50 números máis para seguir mostrando as feridas do país, as paisaxes aínda non magoadas e tamén as imaxes das mudanzas para ben na nosa relación co contorno, cara outro mundo posíbel, imaxes que traslozan a esperanza que ten que latexar nos contidos da revista.



A alma da Cerna en 50 números (temática das capas da Revista Cerna)